

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº96/ Ano: 2024 / 2º xornal Mes de outubro/ Estado de temporais

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Expertos arqueólogos solicitan Museos de bisbarra ou zona, para mostrar o que se atopa nos sotos dos museos principais. **Páx.1**



26 razóns para que o Grove sexa: Capital dos Recursos Mariños de Galicia. **Páx. 2**



Neste número, podemos ler un magnífico artigo de J. Manuel Dopazo Entenza, froito dunha entrevista con Chefa, a viúva de Stafant Mörling. Cheo de sentimento e confianza. **Páx. 3**



No Parlamento Galego, para que sirva a Iniciativa Cidadá, se despois ningún parlamentario fai caso dela? Ons esquecida polos parlamentarios galegos!!! **Páx. 3**



Será o pavicépede unha alternativa axeitada para algún dos camiños de Ons moi transitados por vehículos e persoas? Coido que deberían de estudalo. **Páx. 5**

FICBueu, outro ano máis, leva á Illa de Ons a súa Residencia, para que novos valores, dentro do mundo do cine, preparen as súas curtas. **Páx. 4**



Ons Arqueolóxica

Última campaña e necesario estudo para salvagardar a Salga de Canexol do cambio climático e os temporais. **Páx. 6**



Pasados 3 anos, parece que vai comezar o arranxo ou cambio da depuradora da Illa. Irá desta? **Páx. 5**



Breves:

- Temporal no Buraco do Inferno **Páx 2**
- Alvarito por Nápoles. **Páx. 4**
- Visualización dos proxectos subvencionados por Parques. **Páx. 7**
- Ruta e cocido en Casa Acuña. **Páx. 7**
- Artigo de Manel Loureiro no País. **Páx 7**
- BNG, propón no congreso que o Faro de Ons sexa un museo. **Páx. 8**
- O Faro de Ons. **Páx. 9**



Museos de bisbarra nos faros deshabitados

O P.S.deG. ven de comeza-la súa andadura no Parlamento Galego coa petición á Xunta da restauración dos Faros para dedicalos ó fomento do turismo.

A idea non é mala, máis ben pola contra é boísima tendo en conta o abandono que sofren por parte da Administración moitos destes “monumentos náuticos” dende que foron deshabitados, e pola necesidade que temos de instalacións emblemáticas para transformalas en referentes turísticos.

Galicia posúe un potencial histórico-artístico excelente. Un exemplo é a provincia de Pontevedra onde se desenrolou un importante traballo arqueolóxico, pero moitas das pezas que saíron á luz nos centos de escavacións que se levaron a cabo, están gardadas nas instalacións do Museo de Pontevedra, iso si, perfectamente conservadas, datadas e estudias, pero o público en xeral non poden disfrutar delas xa que é practicamente imposible

Celestino Pardellas de Blas

expoñer todo este material nun só edificio.

Pontevedra tivo ó longo do último século un considerable número de escavacións en distintas bisbarras, entre as que están as costeiras, e destas saíron pezas moi interesantes para coñece-la historia do lugar. É unha mágoa que as persoas que habitan estas bisbarras non poidan disfrutar deses achádegos, e con elo coñece-lo modo de vida dos seus antepasados, por iso sería interesante que algún, dos moitos edificios emblemáticos que existen nos seus municipios (Pazos, Castelos, Casas Solariegas, Rectorais, ...e, como non, os Faros), foran dedicados a Museos de Bisbarra como mínimo ou Museos de Concello como máximo, por mor do alto custo que supón o seu mantemento.

Os faros poderían ser un fiel expoñente para un Museo do Mar ou un

Museo de Bisbarra, en onde foran expostos os restos achados nas diferentes escavacións que se levaran a cabo nos seus lindes.

Isto sería unha interesante aposta a prol de dar ó turismo que se achega á nosa terra, un aliciente máis de tipo cultural para que a súa estancia sexa aproveitada ó máximo e con elo dar un forte impulso á zona onde estea instalado.

Estes Museos de Bisbarra poderían empregarse como aula arqueolóxico-cultural a onde poidan acudir os estudiosos e, sobre todo, os nenos para estudar e coñece-la súa historia ó través dos restos arqueolóxicos. Un Museo de Bisbarra serviría para mellora-la súa formación; para ter un coñecemento máis científico e real da súa historia máis próxima; para fomentar unha sensibilización e concienciación de cara o estudo e conservación do noso patrimonio histórico e con elo evitar a súa destrución e esquilma;...; e defende-lo seu atractivo

dándoo a coñecer, fomentando o realce da bisbarra e o seu interese turístico cara a ela.

Os faros costeiros e tamén algún dos illáns, poderían cumprir perfectamente estes cometidos e, ó carón da súa conservación, cumprirían un importante cometido didáctico-cultural que podería perfectamente compaxinarse co seu aproveitamento turístico.

En cada bisbarra as asociacións de comerciantes, empresarios turísticos, da construción, ..., políticos, intelectuais, estudantes, ..., e habitantes en xeral deberían aporta-lo seu gran de area e xunto coas Administracións implicadas (Consellerías, Deputacións, Concellos, ...) botar man destes edificios emblemáticos que están nun estado grave de abandono e neles expoñe-lo máis salientable de cada zona, en especial, aquelas que axuden máis a coñece-la súa historia, emografía, literatura, ..., e que dornen un soño letáxico nos sotos dos museos.

Diario 13.12.01

FAROS, PAZOS, CASAS SOLARIEGAS, ..., COMO MUSEOS DE ZONA, BISBARRA, ..., OU CENTROS DE INTERPRETACIÓN (14/10/2024)

Aínda que en diferentes medios e de xeito puntual, xa o comentara/comentáramos o tema da necesidade de crear pequenos Museos de Zona (segundo o potencial cultural que tivera o lugar), en edificios emblemáticos como pazos, fábricas de salga, casas indianas, ..., que ían quedando baleiras por algún motivo; vai ser a raíz de que os **FAROS** foron quedando baleiros de persoal, **FAREIROS**, e automatizándose, permanecendo o edificio sen habitantes e con perigo de arruinarse ou vandalizarse, que decidín escribir este artigo para que, entre outras ideas que puideran xurdir, se crearan neles os tan necesarios Museos de Bisbarra ou Zona, e desconxestionar os sotos dos Museos principais aos que se leva todo tipo de material arqueolóxico que, despois de ben catalogado, queda esquecido en caixas.

Este artigo saíu publicado no ano 2001, o 13 de decembro no Diario de Pontevedra e o 21 do mesmo mes no Faro. Como poden comprobar tanto eu, persoalmente, como a asociación PineirÓns, xa estabamos solicitando aos organismos competentes que os **Faros**, polo menos os galegos, tan pronto quedaran deshabitados pola automatización, tiveran un uso cultural, dirixido por persoal especializado e dun xeito técnico e científico.

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2024/10/11/arqueologos-demandan-museos-sitio-comarcal-zona/0003_202410C11C1991.htm

Neste enlace da Voz de Galicia co título de que <Especialistas demandan museos de sitio, comarcal ou zona>, podemos ler como arqueólogos e persoas vinculadas á cultura piden a creación de Museos de bisbarra, como fixen/fixemos hai 23 anos nós, pois é un xeito de descubrir a historia da zona. Que as pezas, froito de escavacións, se mostren nas proximidades do lugar de onde foron extraídas. Que non queden esquecidas en despachos ou sotos. Os materiais que aparecen nos xacementos, deberían permanecer nos lugares onde foron achados, pois pertencen ás xentes e á historia do lugar. Hai queixas de que as pezas as levan para durmir “o sono dos xustos”, pois non se mostran. ... Que mellor que estes edificios emblemáticos para expoñelas, mostralas a veciños e visitantes, ..., e protexelas.



Faro de Ons ideal Museo dos Faros, Fareiros e Naufraxios, con Biblioteca especializada.



CICLO CULTIVANDO O MAR – GROVE- (14/10/2024)

O xoves 10 de outubro tivo lugar na Sala das Cunchas do concello de O Grove, as charlas onde se expuxeron ao público as 26 razóns para reclamar que O Grove sexa a **CAPITAL DOS RECURSOS MARIÑOS DE GALICIA**.

Participaron o Biólogo e coordinador do Ciclo, Jacobo Fernández. O avogado Avelino Ochoa que falou do potencial arqueolóxico da península meca. Francisco Meis historiador que disertou sobre a importancia da salga, da conserva e, en especial, sobre a grandeza do traballo das colareiras. O biólogo Bruno Díaz que tocou o mundo dos cetáceos na ría. Lino Prieto falou sobre os carpinteiros de ribeira e o futuro deste oficio e a xornalista Leticia Castro sobre a importancia turística e gastronómica do Grove.

Jacobo expuxo as 26 razóns para conseguir esa capitalidade ao que, dende logo, todos axudaremos. Tamén vaise facer un libro sobre as temáticas tocadas no Ciclo e sobre a importancia da península meca para sacar adiante esta distinción.

Comentar que tres dos invitados á charla: Jacobo, Meis e Ochoa son colaboradores da revista cultural **AUNIOS** e bos coñecedores da Illa de Ons á que acoden todos os anos de visita, estando moi interesados na súa problemática histórica, etnográfica e natural.



Mesma zona, distinto temporal: **O Buraco do Inferno**.
A foto da esquerda tomada a principios dos anos 90 s.XX por Tinón.
A da dereita, de Parques Nacionais, co temporal Kirk no ano 2024



REVISTA NOVA ARDENTÍA. Artigo sobre Stafant Mörling (15/10/2024)

Aínda que xa falei dela anteriormente, non foi ata esta pasada fin de semana cando un dos seus promotores, Antón Mascato, fíxoma chegar. Podemos dicir que todos os artigos son interesantísimos e nela escriben colaboradores de AUNIOS como Insua, Lino Pazos, Arturo S. Cidrás, Antón Mascato e Manuel Dopazo, autor do artigo: “Mörling a través dos ollos de Chefa. Un recoñecemento necesario”, un artigo moi emotivo, sentimental, persoal,..., que describe a relación entre noivos dunha auniense, Chefa, e un antropólogo sueco, Mörling, nunha comunidade tan pechada como a de Ons e nos anos 60 s. XX.

É unha pequena historia froito dunha entrevista entre o autor e Chefa, que Dopazo sabe como ninguén, interpretar maxistralmente, estando acompañados, nada menos, que pola tamén auniense María do Caño.

Neste número contamos tamén con varios artigos de Manuel Lara, importante colaborador que estivo ligado á Illa de Ons e que é o presidente da Asociación Buxa (Asociación Galega do Patrimonio Industrial) á que lle estamos moi agradecidos pola súa axuda, xunto con moitos outros, para que o Faro de Ons non se privatice e se converta nun Museo.

NINGÚN GRUPO POLÍTICO INTERÉSASE POR ONS!!!

(15/10/2024)

É o berro de impotencia que realiza un auniense que penso que os Parlamentarios se preocupan de botar unha ollada ás Preguntas que a cidadanía pon en “Iniciativa cidadá”, que queda moi ben sobre o papel, pero da que ningún parlamentario fai caso, ao igual que o tema da Transparencia. Así o plasmou nunha nota de prensa: <https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2024/10/14/parlamento-galicia-pasa-ons-109271224.html> ,

Este auniense demostra o seu verdadeiro *Sentimento* pola Illa onde naceron e viviron os seus antepasados, e habita actualmente a súa familia. Busca polos medios que cree, son oficiais e que serven para algo, que lle dean contestación a unhas cuestións de interese sobre Ons, e que nin a Consellería de Medio Ambiente nin a súa Dirección Xeral de Patrimonio Natural realizan, aínda que o prometeron en diferentes ocasións.

O problema, como xa lle dixen cando as presentou: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/94/onstopus-94.pdf> , é que os políticos só coñecen Ons cando é o intre de pedir o voto. Ata os máis achegados xeograficamente, como os do concello de Bueu; e ata os responsables de zona ou provinciais, se me apuran, penso que non saben que Ons existe. As preguntas formuladas tiñan que ver con promesas políticas realizadas polo Presidente da Xunta hai 2 anos: <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/pontevedra/2022/07/04/rueda-anuncia-inversiones-illas-atlanticas-seis-millones-euros-2023/00031656942655895902919.htm> e anteriormente, novembro 2021, despois da vertedura da depuradora no mes de agosto, cando a D.X. de Patrimonio Natural, Belén Docampo, prometeu o seu inmediato arranxo: <https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2021/11/11/xunta-invertira-mejora-depuradora-ons-59427220.html> Pasaron 2 e 3 anos dende esas promesas e nada, aínda que parece que agora van comezar algunha, polo menos coa depuradora.

De todos os xeitos, que pena que nin o PSOE que cada vez ten menos representación en Bueu e Morrazo. Nin o BNG que goberna en Bueu, grazas tamén aos votos de moitos aunienses. Nin, increíblemente, o PP que sabe que un bo número de aunienses vota a ese grupo nas autonómicas, non fan nada para gañar a confianza dos veciños de Ons de cara a próximas eleccións. Cal será o verdadeiro motivo? É tan complicado que algún representante dos grupos parlamentarios se faga cargo desas preguntas, con problemáticas importantes da Illa de Ons pertencente ao único Parque Nacional Galego, e as presente no Parlamento para que os responsables dean unha contestación?



Preguntas sobre temáticas como: A depuradora, faro, camiños, arranxo da capela, acondicionamento de Curro. De suma importancia para os veciños.



O noso querido Alvarito xunto coa súa muller, tomáronse uns días de descanso, e decidiron coñecer Nápoles. E alá marcharon. Ao chegar comunicáronlle que había unha pequena estatua que encarna a un personaxe clásico do Nápoles do s. XVII, **Pulcinella**. Esta pequena escultura posúe un nariz torcido e grande que, si o frotas, che dará boa sorte. Alvarito, non o pensou dúas veces e achegouse a ela e facer o ritual para, tal como está a pesca polas súas queridas Rías Baixas, solicitar sorte e ter a esperanza de que, ao volver, comprobar se a cousa mellora, tanto para el como para o resto dos mariñeiros. Esperamos que se cumpra a súa boa intención. (12/10/2024)

RESIDENCIA FICBueu NA ILLA DE ONS 2024

Un ano máis e despois da extraordinaria experiencia do ano pasado, de novo este outono está a levarse a cabo a **Residencia de FICBueu**, onde un grupo seleccionado de mozos/as cineastas van a estar preparando na Illa os seus cortos dirixidos por Estibaliz Urresola, que foi premiada pola súa película “20000 especies de abejas” nos premios Goya e en Berlín.

Os escollidos son cinco realizadores que, baixo a dirección de Estibaliz, estarán preparando e ultimando os seus traballos no marco incomparable da Illa de Ons.

Sería moi interesante que, a carón do traballo a realizar, tamén se introduzan no mundo auniense, xa que considerámolo un espazo de película e ver se, cando xa teñan un pouco máis de experiencia e os seus camiños xa discorran polo mundo do celuloide, se acorden que existe unha illa que pode ser un magnífico escenario e protagonista dalgunha curta ou longametraxe.

Animamos a FICBueu que para a próxima Residencia, intenten que algún dos cortos teña a Ons, a súa comunidade ou simplemente se desenvolva nesta engaiolante illa. Parabéns para os responsables de FICBueu por esta magnífica iniciativa.


Fotos: Cedidas por FICBueu e Prolight

(18/10/2024)



Os cineastas á súa chegada a Ons, na procura da vivenda onde van pasar a semana e na primeira reunión no C. de Visitantes.

Interesante sería que durante a súa estancia, tiveran tamén tempo para percorrer a illa e ver os seus encantos para posibles ideas de futuro.



PAVICÉSPEDE QUE SE ESTÁ INSTALANDO EN ONS

(18/10/2024)

O asunto desta primeira intervención que se está realizando en Ons con motivo do <Acondicionamento do Barrio de Curro> que ten unha importante subvención, a carón do tema que xa tocamos nos anteriores Onstopus da súa anchura, agora se suma a suxestión dun lector, que nolo dixo de palabra, que este asunto do pavicéspepe, ao usalo con frecuencia, o céspede non crece ou faino con dificultade, co que, nos ocos do pavimento, cando chove, acumúlase auga e chega a desbordar, polo que é como se estiveramos sobre un charco en rombos.

Como eu sabía que na entrada da praza de abastos de Portonovo habíao, o venres día 18, que chovía, achegueime a ela e puiden comprobar que, polo uso, a herba non crece ou desapareceu e os rombos están cheos de auga que rebordan e, supoño, tardarán en secar, causando para os viandantes un problema de charcos pequenos.

Quizais na foto non se aprecie, pero podo asegurar que é así, os rombos están cheos de auga.

Espero que o miren como unha suxestión, non como crítica, para comprobalo e buscar algunha solución.

Fotos: Esquerda: *O pavicéspepe da entrada da praza de Portonovo.* Dereita: *O que se está montando en Ons.*



**COMEZAN AS OBRAS PROMETIDAS EN ONS
“ARRANXO DA DEPURADORA”**

Pola prensa sabemos que, despois de 3 anos de espera, vai comezar o arranxo ou cambio, das depuradoras da Illa de Ons.

Vemos (Nas fotos que nos cederon *Faro de Vigo e Parques*), que houbo un impresionante desembarco de maquinaria pesada na illa, polo que pensamos, que non será só para a depuradora, senón que comezarán

tamén as obras prometidas hai 2 anos polo Presidente da Xunta e que se ían desenvolver no barrio de Curro, extensible, segundo entendín eu, a varios puntos da illa para o arranxo definitivo dos camiños que todos os anos, por mor das inclemencias meteorolóxicas, quedan nun estado moi calamitoso e con perigo para as persoas que por eles transitan.

Hai tempo de abondo, 7 meses ata maio, esperemos que desta vaia adiante e que, con diálogo, se consiga arranxar adecuadamente todo o barrio de Curro, segundo o acordado e prometido.



ONS ARQUEOLÓXICA (19/10/2024)

A última campaña no Castelo dos Mouros

Podemos ler en culturagalega.gal que na campaña realizada durante esta primavera-verán no Castro dos Mouros, atopáronse coa muralla do castro e os niveis máis antigos do xacemento.

Falan dunha importante duración que vai dende os inicios da 2ª Idade de Ferro ata o final do Imperio Romano. Segundo os responsables da escavación, pensan que a factoría de salga e a púrpura, foron os desencadeantes desta longa estadía.

Tamén resaltan os numerosos materiais achados de importación, o que pode demostrar que Ons estaba no centro dunha dinámica comercial importante. Rematan comentando que: “... *para posibles vindeiras campañas, o equipo arqueolóxico quere seguir traballando nestes dous polos que parecen formar parte do mesmo*”.



O complexo industrial romano de salga e púrpura e o castro. O problema é que as factorías de salga teñen data de caducidade: a erosión mariña sobre os cantís da praia do Canexol van rematar co xacemento”.

E é aquí, nesta frase final en vermello, onde quero incidir eu de novo, xa que o veño manifestando dende o ano 2009 no que Paula Ballesteros informou sobre esta salga romana no cantil da praia de Canexol.

Este xacemento, que está a carón do cantil, necesita unha protección **XA**, pois, cando hai boas mareas e coincide con temporal ou marusías, o mar pega de cheo sobre o cantil desprotexido, onde se atopan estas construcións, e mesmo o propio camiño de rodeiras que vén de Curro e chega ata o Campamento da Xunta no barrio de Pereiró, pode sufrir un derrubamento, poñendo en perigo, non só a salga romana, senón o camiño e algunhas das casas de Canexol.

Hai que buscar, **URXENTEMENTE**, unha solución axeitada entre especialistas (arqueólogos) e administración (Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Parques, Concello de Bueu, Consellería de Cultura,...), para evitar que, co cambio climático que estamos a padecer, en nada, ese pequeno cantil se derrube. Coido que hai solucións, o único que se necesita e boa vontade por parte da administración.

De non facelo agora, e como sempre ocorre, buscarán solucións cando xa non haxa posibilidade de salvar a zona, e **os únicos culpables serán os que nestes intres puideron facer e non quixeron**.

https://culturagalega.gal/noticia.php?id=36811&fbclid=IwY2xjawF489xleHRuA2F1bQIxMQABHfbZ2T7JWtuyYVMGP9L17SipauG84Wr0kXdD FHlppb4ugddG8ewbgQMfiA_aem_6R8h3_-q0hvzEqTVffTtxg




Na foto da esquerda, podemos ver como un día de pequena marusía, das que hai moitas ao longo do inverno e ata no verán, o mar chega á zona de cantil onde se atopa o xacemento de salga romana, onde está o camiño que dende o barrio de Curro vai ata o barrio de Pereiró, onde está o Campamento de rapaces da Xunta.

Só hai que imaxinarse un día de forte temporal, cicloxénese ou danas, como agora lle chaman, o mar <ghapea> polo cantil e, en calquera intre, este acabará derrubándose.

Por moito Parque Nacional que sexa, hai que buscar solución antes de que ocorra.

O tempo darame a razón, buscarana cando o mar leve todo.



PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS QUE SUBVENCIONA A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E PARQUES NACIONAIS SOBRE AS ILLAS ATLÁNTICAS

De novo vaise presentar en Vigo, concretamente no incomparable marco do Museo do Mar de Galicia, o documental “A última dorna de Ons” que realizaron Anxo Cabada e Antón Davila apoiados polas: <Axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola

Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023>.

Comentar que a estas axudas presentáronse un bo número de Proxectos que, sen embargo, non tivemos a sorte de podelos visualizar e coñecer. Como xa expuxemos en varias ocasións, coidamos que eses traballos, que de seguro son moi interesantes e que servirán para coñecer, mellorar,..., e protexer o Parque Nacional, tamén poden servir para **programar actividades**, comezando como primeira, como fixeron Cabada e Davila, o presentalo ao público en xeral tanto no Centro de Interpretación do Parque en Vigo, como nos Centros de Visitantes das diferentes illas que o conforman, e nos lugares que poida interesar.

No que se refire a Ons, na propia illa, só puidemos visualizar este documental, <o mar en 360º> e o interesante traballo sobre <Recompilación histórica da vila de colonización da illa de Ons>. Pode que algún máis que se me escape, pero houbo máis de 40 que poden ser moi interesantes a nivel de todo o Parque, que non tivemos a sorte de podelos visualizar. Poden saber destes proxectos nestes DOGAS:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230109/AnuncioG0532-221222-0008_gl.pdf

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20231121/AnuncioG0691-071123-0002_gl.pdf


Coido que todos os proxectos que o Parque subvenciona, deberían ser presentados ao público despois de realizados e poden servir de Actividades a desenvolver nos Centros de Interpretación das diferentes illas tanto durante a etapa invernal (desestacionalizar), como na estival, programándoo con antelación, xunto con outras actividades, dando a coñecer os eventos a desenvolver con bastante antelación, e así conseguir que as persoas que visitan as illas programen as súas viaxes e o fagan sabendo que van a un:

PARQUE NACIONAL ACTIVO.



VISITA GUIADA A ONS E COCIDO

Interesante iniciativa de Nabia e Casa Acuña para este 27 de outubro. Estas ideas poderían ser aproveitadas para, con diálogo, compaxinalas co coordinador/ora de actividades do Parque Nacional e propoñer algunha das Rutas que durante o inverno e co fin de desestacionalizar, poderíanse realizar na Illa con visita guiada ao Centro de Visitantes e visualización dalgún vídeo ou documental de Ons ou de outra illa do Parque.



Fotos: <https://www.levante-emv.com/cultura/>

El País. Revista El viajero. Ilustración Cristina Estanislao.

A revista, suplemento do País, <El Viajero> incorpora un artigo de Manel Loureiro titulado “Un paseo a solas por la misteriosa Isla de Ons”, onde fai un repaso á súa estada dunha semana nesa illa, en pleno inverno, para darlle remate ao seu libro. Pouco tempo tivo, nunha illa solitaria, para poder encaixar Ons no seu relato, pero abofé que conseguíuno, e dun xeito case subliminal, introduce lugares, paisaxes, familias,..., e anécdotas que demostran un bo coñecemento da Illa. Parabéns para Manel polo seu premio e pola súa obra. Quizais un día tamén a leven ao cine.



PROPOSTA PARA QUE O FARO DE ONS SE CONVERTA NUN CENTRO CULTURAL OU MUSEO

Non é o meu ánimo facer neste minixornal política algunha e menos prestar axuda a ningún partido, pero despois do comentado na páxina 3 deste número, onde falabamos de como os Parlamentarios da Xunta, incluído o BNG, non se facían eco da proposta dun veciño sobre aspectos importantes da Illa de Ons; que un grupo político faga unha proposta ao Goberno do Estado sobre unha das Preguntas que o auniense presentou en <Iniciativa Cidadá> do Parlamento, concretamente sobre a **dedicación futura do Faro de Ons**, que é unha reivindicación que están a levar varias asociacións de Bueu e unha de Ons, é de agradecer, e por iso a expoño aquí.



**Gabinete de
comunicación**

666 834 253

congreso@bng.gal

[@bngcongreso](https://twitter.com/bngcongreso)

BNG propón ao Goberno do Estado converter o Faro de Ons nun Museo para o seu uso público e cultural

Ante a intención de destinar o faro da illa de Ons a usos hostaleiros, a organización nacionalista pide ao Goberno atender a demanda unánime do Concello de Bueu e das asociacións e colectivos socio-culturais

Carme da Silva: “O Goberno debe garantir o uso público deste emblemático faro que conte o legado histórico, cultural e patrimonial da zona”

A senadora do BNG rexistra iniciativas para que a Autoridade Portuaria de Pontevedra-Marín proceda á desafección do faro

Madrid, 20 de outubro de 2024. A senadora do BNG, Carme da Silva, defende converter o Faro de Ons nun Museo do entorno natural, cultural, marítimo e histórico da zona e do Parque Nacional das Illas Atlánticas. O BNG rexistra iniciativas para que o Goberno atenda a demanda unánime do Concello de Bueu e das asociacións e colectivos do municipio para que a Autoridade Portuaria Pontevedra-Marín proceda á desafección do faro e teña un uso público e cultural e convertelo nun Museo.

Ante a intención de destinar o Faro da Illa de Ons a usos hoteleiros, o Concello de Bueu, así como asociacións e organizacións locais, levan meses demandando que se converta nun Museo co obxectivo de darlle un uso social, cultural e público, despois de que se levara a cabo a automatización deste faro hai un ano. “A experiencia dinos que cada vez se automatiza un faro, comeza o seu declive e o descoido do inmóbel ou termina en usos privados de hostalaría ou usos hoteleiros que desnaturalizan a súa esencia e non contribúen á posta en valor do patrimonio” apunta da Silva.

“Cremos que o Goberno debe atender a demanda veciñal, política e social de Bueu e posibilitar o uso público deste emblemático faro para converterse nun museo que conte o legado histórico, cultural e patrimonial da zona. Ademais, é a opción máis sustentábel dado a contorna natural en que se atopa” subliña a senadora do BNG. Para isto, explica Carme da Silva, é fundamental que a Autoridade Portuaria Pontevedra-Marín leve a cabo á desafección do Faro.

Miradoiro único sobre as Rías Baixas. O Museo completaría a visita as Ons

A proposta, que conta coa unanimidade da corporación municipal e o apoio das asociacións e organizacións culturais de Bueu, conta tamén co apoio do ámbito académico universitario e social. “É unha proposta que os diferentes colectivos culturais e sociais traballaron durante estes meses recollendo documentación chegando a ter argumentos moi sólidos para converter o Faro de Ons nun Museo” incide a senadora. De facto, a opción de converter este Faro nun museo completaría a visita á illa do punto de vista cultural, histórico e patrimonial xa que Ons recibe cada ano máis de 130.000 visitantes.

Considérase que o edificio en si mesmo é un museo xa que conserva moitos elementos orixinais da súa inauguración en 1926: as baldosas de cerámica da “*Cartuja*” que recobren as paredes ou o teito que está recuberto con madeira de cedro. Conta tamén cunha sala museo con material de importancia náutica e histórica.

Dadas as súas dimensións, continúa a senadora nacionalista, poderíanse habilitar outras zonas para uso museístico onde expoñer contidos “sobre a historia marítima da zona, sobre os naufraxios, sobre o labor dos fareiros nas illas, sobre a sinalización marítima, información sobre o Parque Nacional das Illas Atlánticas da que forma parte esta illa, entre outros”.

Por último, a senadora do BNG sinalou a necesidade de dar a coñecer o papel que tiveron os fareiros. “A desaparición dos fareiros é unha perda irreparable desde un punto de vista histórico, social e do patrimonio cultural. Os fareiros tiveron un papel importante tamén na vida da illa ao exercer en moitas etapas como profesores ou mestres” engade. Tiveron un rol relevante na historia marítima da Ria de Pontevedra e das Rías Baixas, sendo testemuñas de numerosos naufraxios e parte activa na mellora da seguridade marítima da zona.

FARO de ONS

LUZ SEMPRE ACESA

Nótome baleiro, tristeiro, apesado,...

Aínda que, cada certo tempo,

recibo a visita dun

dos meus últimos compañeiros,

o abandono e a amargura supérame.

Que terán pensado facer de min?

Nestes intres aínda me atopo

ben por dentro, pero o abandono,

pode deteriorar o meu interior.

Logo dirán, que a miña cirurxía,

é custosa e que só

o capital privado pode salvarme.

